



## RESOLUCION DE ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO DE ALLEAMENTO EN CUARTA POXA DUN BEN INMOBLE DO IGAPE SITO NO CONCELLO DE TOLEDO (DOG núm 145, do 29 de xullo de 2024).

### ANTECEDENTES

1.- Por resolución da directora xeral do Igape do 18 de outubro de 2023 autorizouse o alleamento en poxa pública a alza do seguinte inmoble:

#### NAVE INDUSTRIAL SITA EN TOLEDO

**Natureza da finca:** Urbana. Nave en Polígono industrial de Benquerencia (Toledo).

**Datos rexistrals:** Finca rexistral 63.098, inscrita no Rexistro da Propiedade nº 1 de Toledo: Libro 1.233, Tomo 1.741, Folio 118. Superficie do terreo rexistrada 600,53 m2.

**Municipio:** Toledo.

**Referencia Catastral:** 1252409VK2115A0001RJ

**Localización:** Rúa Molino de Viento, nº 18, Polígono Industrial de Benquerencia, Toledo, código postal 45007.

**Superficie terreo:** 600,53 m2.

**Superficie construída:** 800,00 m2

**Descrición:** Nave industrial, en planta baixa e entreplanta.

2.- Unha vez realizadas tres poxas (anunciadas no Diario Oficial de Galicia Nº 209 do 3 de novembro de 2023) e resultando desertas respecto ó dito inmoble, a directora xeral do Igape, mediante resolución do 1 de febreiro de 2024, declarou a procedencia da apertura do procedemento de alleamento en cuarta poxa contemplado no artigo 116 da Lei 6/2023 do 2 de novembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Logo de publicarse no Diario Oficial de Galicia Núm. 145 do 29 de xullo de 2024 e en dous xornais de de ampla difusión (La Voz de Galicia e ABC Toledo/Castela A Mancha) do mesmo día o anuncio da convocatoria da poxa, , celebrouse o 12 de setembro de 2024 a poxa pública anunciada co importe mínimo de licitación de 85.000€, correspondente a mellor oferta recibida segundo anuncio do 19 de abril de 2024 (DOG Núm. 93 do 14 de maio).

4.- A directora xeral do Igape é competente para a adxudicación segundo resulta da delegación de facultades efectuada polo consello de dirección do IGAPE o 11 de outubro de 2023 (DOG núm. 203 do 25 de outubro).

Polo que antecede, vista da acta da mesa de contratación, a proposta da xerente do Igape e de conformidade co disposto nos artigos 114 e 116 da Lei 6/2023, do 2 de novembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia

### RESOLVO

Primeiro.- Aprobar a adxudicación a Servicios Inmobiliarios Cogal, S.L. por importe de 86.000€, do inmoble descrito no apartado 1 dos antecedentes.





Segundo.- O pagamento do prezo do inmovible adxudicado efectuarase segundo o establecido no artigo 108 da lei 6/2023, do 2 de novembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Terceiro.- A venda formalizarase como corpo certo en escritura pública, sendo por conta do adquirente os custos do seu outorgamento. Os tributos derivados da transmisión será esixidos conforme ao disposto na lexislación tributaria. Así mesmo, quedan a cargo do adxudicatario o pagamento dos custos dos anuncios que se teñan producido neste procedemento de alleamento.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa poderase interpoñer no prazo de dous meses recurso contencioso-administrativo. De xeito potestativo, poderase interpoñer recurso de reposición ante a directora xeral do IGAPE no prazo dun mes.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

A directora xeral

Covadonga Toca Carús

